<ul style="list-style-type: none"> - Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias. - Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas. - Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais. - Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario. - Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas. - Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura. - Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias - Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias. - Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos. - Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria. - Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura. - Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

UD	Título da UD	Duración
13	Avaliación final	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, con especial atención ás do propio territorio, a partir da explicación do seu desenvolvemento histórico e da situación actual, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas (especialmente da éuscara e catalá), así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués, en manifestacións orais, escritas e multimodais	CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas da Península Ibérica e as variedades dialectais do ámbito lingüístico galego-portugués, a partir da situación actual, contrastando aspectos lingüísticos das distintas linguas, así como das variantes dialectais do tronco lingüístico galego-portugués.		
CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos propios de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos.	CA2.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais complexos.		
CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais complexos, avaliando a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	CA2.5 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos dos medios de comunicación.	PE	76
CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	CA2.6 - Valorar criticamente a forma e o contido de textos complexos avaliando a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación que atenda á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle de redacción e revisión de borradores de maneira individual ou entre iguais, ou mediante outros instrumentos de consulta.	CA2.7 - Elaborar textos académicos coherentes, cohesionados e co rexistro adecuado sobre temas curriculares ou de interese social e cultural, precedidos dun proceso de planificación e revisión de borradores de maneira individual, entre iguais, ou polo profesorado.		
CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	CA2.8 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira autónoma, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes; calibrar a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizala e integrala en esquemas propios; e reelaborala e comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso coa propiedade intelectual.	CA2.9 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada, en diferentes soportes, sobre temas curriculares de interese cultural que impliquen localizar e seleccionar información procedente de diferentes fontes.		
CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análise, contraste e verificación, facendo uso da ferramenta adecuada e mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.	CA2.10 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, mantendo unha actitude crítica fronte ás posibles desviacións da información.		
CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	CA3.1 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a súa calidade, a fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos complexos avaliando a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.	CA3.3 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación da experiencia de lectura.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.	CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas mediante a análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria.		
CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega e tamén da lusófona, obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	CA3.6 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral ou un ensaio, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura galega, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria, en distintos soportes, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.		
CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	CA3.8 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		
CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e utilizando unha metalinguaxe específica, e identificar e emendar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	CA4.1 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística.		
CA4.2 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	CA4.2 - Valorar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua.		
CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en soporte analóxico e dixital.	CA4.3 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada.		
CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas, con especial atención ao papel das redes sociais e dos medios de comunicación, e da investigación sobre os dereitos lingüísticos e diversos modelos de convivencia entre linguas.	CA1.2 - Cuestionar e refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da exploración e reflexión arredor dos fenómenos do contacto entre linguas.		
CA1.3 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.	CA1.3 - Identificar de forma guiada e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe.	TI	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social.	CA1.4 - Comprender a importancia da utilización de estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e a procura de consensos tanto no ámbito persoal como educativo e social e iniciar a súa utilización.		
CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese científico e cultural e de relevancia académica e social, axustándose ás convencións propias de cada xénero discursivo con fluidez, rigor, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	CA2.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais formais con diferente grao de planificación sobre temas de interese cultural e de relevancia académica e social, con fluidez, coherencia, cohesión e o rexistro adecuado, e utilizando recursos verbais e non verbais.		
CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	CA2.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo.		
CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.	CA3.4 - Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico e situación actual das linguas da Península Ibérica. - Estudo comparativo das principais variedades dialectais do galego e do portugués (especialmente de Portugal e do Brasil). - Semellanzas e diferenzas lingüísticas e discursivas máis salientables entre as linguas da Península Ibérica (con especial atención ao éuscaro e ao catalán), contrastándoas en manifestacións orais, escritas e multimodais. - Estratexias de reflexión interlingüística e sociolingüística. - Estratexias de detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de os combater. - Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, préstamos, interferencias. Diglosia lingüística e diglosia dialectal. O papel actual das redes sociais e dos medios de comunicación. - Dereitos lingüísticos, a súa expresión en leis e declaracións institucionais. Modelos de convivencia entre linguas, as súas causas e consecuencias. Linguas hexemónicas. Linguas minoritarias e linguas minorizadas. Ecoloxía e sostibilidade lingüística. - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. - Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión, produción e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e os medios de comunicación.
- Procesos de comprensión, produción e análise crítica de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter formal. Tomar e deixar a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección dos usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e contido do texto.
- Produción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Alfabetización informacional: busca autónoma e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunicación e difusión da información reelaborada de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual. Noticias falsas e verificación de feitos. O ciberanzol.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Formas lingüísticas para a expresión da subxectividade e da obxectividade e das súas formas de expresión nos textos.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto, con especial atención á valoración e ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras relevantes contemporáneas de autoras e autores, da literatura galega e tamén do ámbito lusófono, que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers. O debate sobre o canon literario.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo e valores éticos e estéticos das obras.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade e outras manifestacións literarias ou artísticas.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e dos formatos audiovisuais para o fomento da lectura.

Contidos

- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitado atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado con diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Distinción entre a forma (categorías gramaticais) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple e composta).
- Relación entre a estrutura semántica (significados verbais e argumentos) e sintáctica (suxeito, predicado e complementos) da oración simple e composta en función do propósito comunicativo.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras e reflexión sobre as mudanzas no seu significado. As relacións semánticas entre palabras. Valores denotativos e connotativos en función da súa adecuación ao contexto e ao propósito comunicativo.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta, en soporte analóxico e dixital, para obter información gramatical de carácter xeral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A docencia da materia de Lingua Galega e Literatura implica traballar varias competencias ao mesmo tempo: a que debe desenvolver, a competencia en comunicación lingüística (CCL) e a competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC). Ademais a comunicación é fundamentalmente social de aí que a competencia cidadá (CC) tamén debe ser desenvolva.

A materia de Lingua Galega e Literatura desenvolve principalmente a competencia en comunicación lingüística (CCL) e para o adecuado desenvolvemento desta competencia resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Con todo, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións en que se concretan:

¿ O compoñente lingüístico comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

¿ O compoñente pragmático-discursivo comprende tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as micro funcións comunicativas e os esquemas de interacción), e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

¿ O compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

¿ O compoñente estratéxico permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

Atender todos estes aspectos propios da materia, aplicar coñecementos pedagóxicos, un dominio básico das TIC, ter habilidades sociais, e mesmo de emprendemento, son elementos que debe ter en conta o docente á hora de planificar as clases. Con todo, o problema máis difícil é loitar contra os estereotipos e os prexuízos sobre a lingua galega.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto
Libros de lectura
Material de apoio

- Libro de texto: Lingua Galega e Literatura 1º bacharelato, Nieto Pazo, A. et Troitiño Fraiz, X. editorial Anaya (2022).

- Obras de lectura:

1º trimestre: Santiago Lopo, A arte de trobar, Ed. Xerais

2º trimestre: Berta Dávila, Un elefante na sala de estar, Ed. Xerais

3º trimestre: Marilar Aleixandre, As malas mulleres, Ed. Galaxia

O profesorado poderá suxerir outras propostas de lectura e ofreceralle ao alumnado a posibilidade de ler, de xeito voluntario, algún outro libro.

- Material de apoio:

Fotocopias /fichas/ cadernos de apoio

Páxinas web (recursos lingüísticos na rede)

Publicacións periódicas en galego

Publicacións escritas (avisos, notas, anuncios,...)

Material audiovisual

Aplicacións informáticas para crear mapas mentais, nubes de palabras, liñas temporais, escrita colectiva

Audio e vídeo creado polo profesorado/alumnado

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

As probas serán orais e escritas, co obxectivo de constatar o grao de corrección que posúen na pronuncia (nivel fónico), na fluidez verbal e na cualidade vocabular. Á súa vez as probas escritas darán conta da destreza no plano correspondente.

Cara á consecución dos obxectivos propostos, empregaranse diversos sistemas metodolóxicos:

- Ditados.

- Redaccións sobre un tema proposto.

- Redaccións sobre un tema libre, a escoller polos alumnos.

- Cuestionarios de preguntas breves e concisas.

- Expresión oral sobre cuestións realizadas no momento polo profesor.

- Expresión oral libre sobre propostas mínimas.

-Tentativas de posta a punto sobre temas de cultura [galega] en xeral.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	1	8	9	9	9	9	9	9	9	9
Proba escrita	72	60	76	72	100	100	100	100	100	100
Táboa de indicadores	28	40	24	28	0	0	0	0	0	0

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	1	100
Proba escrita	100	100	76	92
Táboa de indicadores	0	0	24	8

Criterios de cualificación:

- Os exames ou probas de coñecemento que faga o alumnado suporán un 70% coa posibilidade de facer, a criterio da docente, varios parciais cuxo resultado final sexa o devandito 70%. Para que faga media co resto de cualificacións o alumnado ten que superar o 30 % da nota do exame.
- Os traballos e exercicios realizados polo alumnado suporán un 20% da cualificación. Neste apartado pódese valorizar os cadernos coas notas e apuntamentos recollidos na aula, a oralidade, así como outras actividades regulares ou de carácter puntual.
- O libro de lectura proposto para cada avaliación contará un 10% da cualificación total.

Aquel alumnado que teña unha cualificación positiva no trimestre poderá, de xeito opcional, para subir a súa cualificación un máximo dun punto, realizar unha exposición oral coidada e elaborada sobre un tema proposto previamente na aula. Este tema será consensuado entre a profesora e o alumnado.

A aprendizaxe será progresiva, nun sistema de avaliación continua. En todo caso, os alumnos que non superen algunha das avaliacións ou todas no final do curso poderán ser convocados a unha proba global ou referida aos contidos dunha avaliación. Se a aprobaren, os alumnos terán superada a materia correspondente.

A corrección na expresión: igual que nos demais niveis será de rigor unha correcta expresión tanto oral como escrita na nosa lingua. Polo tanto, nas probas escritas que se realicen, tanto de clase como exames, así como traballos, a puntuación verase afectada polas faltas de ortografía, expresión e redacción. Poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos.

O baremo que se aplicará para o bacharelato será o seguinte (marcado pola CIUG):

- Por cada erro moi grave (aquele que atente contra o sistema lingüístico): 0,2 puntos.
- Por cada erro grave (solución contraria ás convencións ortográficas e á norma lingüística): 0,1 puntos.
- Por cada erro leve (solución discordante co estándar vixente): 0,05.

A cualificación final do trimestre será o resultado da media aritmética (sen decimais, aproximando á unidade segundo o método común de redondeo, cifra decimal inferior a 5 a cifra da unidade queda como está, se o decimal é igual ou superior a cinco á cifra das unidades sumaráselles unha unidade) da nota obtida.

Aquel discente que copie en traballos ou probas escritas, estas serán valoradas cun 0 e suspenderán a avaliación correspondente con independencia das notas obtidas nela.

No bacharelato o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e avaliación extraordinaria terá dous obxectivos esenciais:

1. Consolidar os coñecementos, afondando no logrado polos estudantes ao longo das tres avaliacións.
2. Reforzar os contidos no que o grupo en xeral ou determinado grupo de alumnos tiveron maiores dificultades.

É por isto que non se avanzará con novos contidos, senón que se proseguirá cos obxectivos e competencias establecidas nesta programación.

O departamento de Lingua Galega e Literatura, propón o seguinte:

- O alumnado de bacharelato que no momento de realizar a avaliación ordinaria non tivese superada a materia, no restante período lectivo dedicárase á preparación e á realización dunha proba extraordinaria, que será fixada pola xefatura de estudos conforme ao calendario académico. No caso de acadar mediante tal proba obxectiva ou traballo unha cualificación de 5 ou superior, a materia quedará superada na avaliación extraordinaria.
- O alumnado de bacharelato que no momento de realizar a avaliación ordinaria tivese superada a materia, no período abranguido entre a esta avaliación final ordinaria e a avaliación extraordinaria realizará actividades de ampliación e reforzo que serán avaliadas mediante proba obxectiva ou traballo a efectos de optimizar a cualificación final.

Criterios de recuperación:

Agás as excepcións que houber, procuraremos a realización de varias probas de coñecemento por cada período de avaliación, sen que por sistema haxa recuperación de cada unha delas. Como se comprende que a aprendizaxe ha de ser progresiva, tamén a avaliación debe ser entendida como continua, de xeito que o alumnado poida superar progresivamente os contidos non superados antes, e isto sen que se supoña a repetición da proba. De calquera xeito, os/as alumnos/as poderán superar diferentes partes da materia nas probas que se realizaren ao final do curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O Departamento de Lingua e Literatura ponse á disposición do alumnado coa materia pendente a través do profesorado de referencia do curso actual. O profesorado buscará o momento máis adecuado para atender o alumnado que o requira. O alumnado e familias deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar as materias pendentes.

Daráselle ao alumnado a posibilidade de optar entre a entrega dun caderno de traballo trimestral ou ben unha proba global de avaliación final.

A entrega do caderno de traballo por parte do alumnado realizaranse de xeito trimestral nas seguintes datas:

- 1.- No mes de novembro
- 2.- No mes de febreiro
- 3.- No mes de abril

Aquel alumnado que non supere as probas trimestrais ou non cumpra coas entregas dos cadernos de traballo, ou a súa achega sexa insuficiente, deberá presentarse, no mes de maio, ao exame final global da materia pendente.

Coa finalidade de facilitar a continuidade no sistema educativo e o progreso no estudo, considérase que o alumnado que cumpra os criterios de avaliación imprescindibles nestas dúas datas non teña que agardar máis e poida dedicarse a preparar as materias do curso actual. Tamén se terá en conta o esforzo na superación da materia pendente e o progreso da mesma materia no curso no que a/o alumna/o estea matriculada/o.

Por último, realizarase unha avaliación extraordinaria para os que non superasen as probas anteriores no mes de maio.

O Departamento entregarlle ao alumnado coa materia pendente a seguinte información e documentación:

- Criterios de avaliación de pendentes.
- Boletín con actividades para repasar os contidos da materia pendente.

- Xustificante da recepción que deberá ser asinado polo alumnado coa materia pendente e polo pai, nai ou titor/a legal.

5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias

6. Medidas de atención á diversidade

Implementaranse metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, estas metodoloxías deberán favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

A metodoloxía que se utilice favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

A consellería con competencias en materia de educación promoverá as medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias. O alumnado debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para impartir do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora		X	X	X				
ET.2 - Expresión oral e escrita		X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X				
ET.4 - Tecnoloxías da información e a comunicación		X	X	X				
ET.5 - Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial				X				
ET.6 - Educación cívica e constitucional		X	X	X				

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Igualdade afectiva entre homes e mulleres		X	X	X				
ET.8 - Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade		X	X	X				
ET.9 - Igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social		X	X	X				
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social		X	X	X				
ET.11 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e a violencia		X	X	X				
ET.12 - Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia		X	X	X				
ET.13 - Educación e seguridade viaria		X	X	X				

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.1 - Comprensión lectora		X	X	X	
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	
ET.3 - Comunicación audiovisual					
ET.4 - Tecnoloxías da información e a comunicación					

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13
ET.5 - Espírito emprendedor e a iniciativa empresarial					
ET.6 - Educación cívica e constitucional			X	X	
ET.7 - Igualdade afectiva entre homes e mulleres		X	X	X	
ET.8 - Prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade		X	X	X	
ET.9 - Igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social		X	X	X	
ET.10 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social			X	X	
ET.11 - Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e a violencia			X	X	
ET.12 - Prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia		X	X	X	
ET.13 - Educación e seguridade viaria					

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas	Por determinar			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros culturais	Por determinar			
Asistencia ao teatro e outros espectáculos	Amantis (xa realizada) e outras por determinar			

Observacións:

Neste inicio de curso o Departamento aínda non ten concretadas todas as actividades complementarias e extraescolares que se han desenvolver. A concreción virá dada pola oferta cultural dispoñible. Unha boa parte das actividades desenvolverase no propio centro. Outras dependerán da oferta cultural na nosa cidade. As propostas de saídas estarán limitadas por motivos económicos, porque o alumnado debe pagar polo transporte.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Son competente nos contidos que explico?
Organizo e estruturo ben as clases?
Explico de forma clara e comprensible?
Informo de maneira clara sobre as actividades a realizar?
Os materiais que emprego son útiles para cursar a asignatura?
Resolvo as dúbidas e axudo ao alumnado cando o necesita?
Amósome accesible e teño un trato correcto co estudantado?
Informo de maneira clara sobre o sistema de avaliación?
O meu labor docente axúdalle ao alumnado a adquirir os contidos e competencias establecidos no currículo?
Cumpro co programa da asignatura?
Desperto interese na asignatura?
Son un bo profesor?
Estou satisfeito co meu labor docente?

Descrición:

Escala de valoración para a avaliación da práctica docente. A valoración e cada indicador de logro sería entre 1 e 5 en cada un dos indicadores.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación concíbese como algo vivo, non fixo nin ríxido, e terá de ser avaliada dun xeito progresivo e continuado ao longo do curso.

Este seguimento reflexivo terá o seu confronto e contraste nas reunións periódicas de Departamento, onde cada profesor informará das estratexias e todo tipo de ideas que se van xestando.

Un dos aspectos de autoavaliación será o propio cronograma, isto é, a distribución da materia e das actividades didácticas, exames, avaliacións, etc., nunhas datas determinadas. Aínda que desde o inicio se programa con realismo, só a aplicación práctica dos procedementos dará a medida da aptitude do programado.

Calquera aspecto do curso (libros de lectura, viabilidade de libros de texto, capacidade receptiva do alumnado, etc.) poderá ser revisado ao longo do ano lectivo.

9. Outros apartados